



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Fonte Escura ceip.fonteescura@edu.xunta.es

Primeira Trav. de Barreiro nº 34
36317 Vigo
☎ 886120130 ☎ 886120134
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfonteescura>

PLAN DE IGUALDADE

CEIP DE FONTE ESCURA

2019-2020

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
 - 5.1. Organización do centro.
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación.

INTRODUCCIÓN

A igualdade entre mulleres e homes é unha materia pendente na nosa sociedade, xunto coa eliminación das desigualdades. Son obxectivos que deben ter un papel fundamental en todas as políticas, e é o deber da educación integrar ditos obxectivos e promover as condicións para que dita igualdade sexa real e efectiva. Deste xeito a educación é unha estratexia para conseguir avances significativos en materia de igualdade.

Temos que ser conscientes da importancia que ten a escola como axente socializador en canto ás nocións de sexo e xénero. Polo que a coeducación debe intervir na modificación destas nocións para poder crear un vínculo de transmisión de valores e chegar a transformar os mesmos.

O sistema educativo debe contribuír a eliminar os estereotipos sociais en canto ao rol de xénero e sexo, permitindo un desenvolvemento libre e equilibrado así como o acceso ás mesmas oportunidades.

A través deste plan camiñaremos cara a concienciación e sensibilización sobre a igualdade de xénero entre homes e mulleres, sempre baixo o principio da inclusión.

Durante o curso 2018-2019 comezamos a introducir novas en canto a cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar: María Lourdes Abellán Ruíz.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado os días 25 de novembro e 8 de marzo.

CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Normativa

DECRETO lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

DECRETO 8/2015, de 8 de enero, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

DECRETO 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O centro:

O CEIP Fonte Escura, integrado por sete unidades (dúas de Ed. Infantil, tres de Primaria e dúas de EE), está situado en Cabral, parroquia pertencente ao municipio de Vigo. Ofrecemos resposta educativa a un gran número de alumnos/as con necesidades educativas especiais que demandan unha organización de centro, dinámicas e adaptacións que definen a peculiaridade do noso centro.

Cun claustro composto por un total de 17 docentes, o noso CEIP destaca polo seu ambiente familiar e a atención individualizada ao alumnado.

En relación á etapa de Educación Infantil, neste curso escolar 2019/120, contamos cunha aula para o alumnado de cuarto nivel e quinto nivel e outra para sexto nivel. Na aula de cuarto e quinto nivel de Educación Infantil hai un total de 7 alumnos/as.

Características das familias

As familias son principalmente biparentais, cunha clase socioeconómica media-baixa, e contamos ademais cunha ampla diversidade cultural das mesmas (a maioría de etnia xitana). É fundamental o papel que desempeñan as familias na educación dos seus fillos, polo que tentamos fomentar ao máximo a participación familia-escola.

Tendo en conta as características familiares e da contorna, temos en conta e especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de convivencia do centro.

O Plan de Convivencia do centro fai especial fincapé no fomento da igualdade e na sensibilización fronte aos casos de violencia de xénero:

Obxectivos como:

1. Establecer canles para comunicar posibles situacións contrarias a convivencia (titorías e caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro).
2. Organizar actividades de sensibilización fronte ao acoso, a violencia de xénero ou a discriminación a través dos equipos docentes (TIC, Biblioteca, EDLG, ACE) e/ou con outras entidades (por exemplo, Fundación Secretariado Xitano).

Actividades preventivas como:

1. Fronte ao acoso escolar e a intimidación.
2. En torno a igualdade entre homes e mulleres e fronte á violencia de xénero.
3. Fronte a calquera tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. Atendendo ás características particulares do noso centro, prestarase especial atención ás actividades de sensibilización fronte á discriminación por razón de discapacidade.

Medidas organizativas como:

1. *Difusión, entre o profesorado, dos protocolos de detección temperá e doutros protocolos elaborados pola consellería de educación, universidade e formación profesional da Xunta de Galicia con fin de actuar na mesma dirección e de forma coordinada.*

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

O clima do centro é positivo, e o sistema de relacións dentro dos diferentes sectores da comunidade educativa é cordial e respectuoso. O profesorado está composto por mulleres. Este manifesta que se atopa moi ben no colexio, e que o comportamento dos alumnos en relación coa igualdade de xénero non xera moitos problemas.

No noso centro non existen cuestións relevantes relacionadas coa igualdade de xénero. O alumnado está equilibrado, sendo practicamente o mesmo número de nenos que de nenas. Observamos que durante os recreos un grupo importante de alumnos xogan ao fútbol, mentres que por outra banda varios grupos de alumnas, especialmente de etnia xitana, soen estar xuntas facendo grupiños.

Posto que contamos cun importante número de alumnado xitano, onde se poden producir condutas contra a igualdade de xénero, o profesorado está moi atento a prevención destas actitudes contrarias a convivencia equitativa. Entre outras cousas, xa dende o curso pasado estamos a preparar actividades de “patios activos” que favorezan a interacción no xogo entre o alumnado masculino e feminino, así como para facer mais accesible o tempo de lecer ao alumnado con necesidades educativas especiais. Pretendemos tamén con este proxecto, contar coa colaboración das familias e facilitar a boa relación de toda a comunidade escolar.

Tendo en conta que somos un centro de educación infantil e primaria, o abandono escolar temperá non é habitual. Aínda así traballamos este tema co alumnado de etnia xitana en colaboración con “Secretaría do xitano”. Este curso temos so un alumno en situación de absentismo escolar.

Un dos obxectivos que perseguimos o último curso foi o de mellorar e ampliar a participación das familias e en xeral da contorna próxima co centro. A participación das mesmas en actividades complementarias é cada vez maior e seguimos traballando para que cada vez sexamos máis. A través da comunicación familia-escola seremos capaces de sensibilizar e afrontar a realidade que estamos a vivir en cuestión de igualdade.

No pasado curso 2018-2019 presentámonos ao contrato-programa “Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros”, mediante o cal comezamos a traballar tamén temas de igualdade. Resultou un traballo moi satisfactorio para toda a comunidade educativa, xa que se abriron portas á colaboración e á sensibilización.

OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Introducir a coeducación nas diferentes áreas do currículo tanto na etapa de educación infantil como na etapa de educación primaria.
- Realización de actividades programadas para fomentar a toma de conciencia de valores igualitarios e adoptando unha perspectiva coeducativa.
- Utilizar unha linguaxe non sexista, non discriminatoria.
- Utilizar unha linguaxe inclusiva, eliminando as formas sexistas da linguaxe.
- Reflexionar e concienciar sobre a importancia que ten a educación e o labor docente para paliar as situacións actuais de desigualdade.
- Intervir de forma coeducativa, evitando a reprodución de estereotipos.
- Adquirir unha maior sensibilización e formación en coeducación tanto na teoría como na práctica.
- Introducir a educación emocional como ferramenta fundamental para o desenvolvemento.
- Facer visible ao alumnado a desigualdade actual de homes e mulleres na nosa sociedade.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Sensibilizar ás familias e á comunidade educativa en xeral da necesidade de prevención de casos de violencia de xénero.
- Aportar claves e ferramentas ás familias para previr e detectar casos de violencia de xénero.
- Invitar á reflexión colectiva da comunidade educativa nos temas coeducativos que nos preocupan, como a violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Aceptar e naturalizar os distintos modelos de familia que se dan na actualidade.
- Potenciar relacións equitativas entre nenos e nenas onde predomine a afectividade e o trato respetuoso.
- Promocionar os principios fundamentais dunha educación afectivo sexual libre de estereotipos sexistas e igualitaria.
- Contribuír á visibilización da diversidade sexual na aula e na comunidade educativa erradicando actitudes baseadas en estereotipos sexistas e hetero-normalizadas.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Fomentar o respecto á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Respetar a intimidade, a confidencialidade e os tempos e procesos de cada persoa.
- Sensibilizar á comunidade educativa en canto á LGBTIfobia.
- Aportar claves e ferramentas para a prevención e detención da LGBTIfobia.
- Participar nas celebracións LGTB.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Toda a comunidade educativa debe aproximarse á coeducación para conseguir unha igualdade entre homes e mulleres real e efectiva. Por iso é necesario considerar a coeducación como eixe transversal. As actuacións deseñadas desde o centro serán consensuadas e buscando a cooperación de toda a comunidade. O papel do alumnado debe ser participativo, fomentando a

reflexión e a investigación. Polo que traballaremos con eles para darlles os instrumentos necesarios para que elaboren os seus propios coñecementos.

Tendo en conta o establecido no plan de convivencia do centro, levaranse a cabo as seguintes medidas:

Con carácter xeral, adoptaranse as seguintes medidas:

- Uso dunha linguaxe non sexista nos carteis e documentos de centro.
- Selección de materiais didácticos sen estereotipos de xénero. Algúns criterios para esta selección son: presenza de homes e mulleres compartida, equilibrada e igualitaria; materiais que eviten representacións asociadas a patrones hexemónicos; recursos nos que figuren homes e mulleres compartindo os mesmos tipos de actividades, espazos e ámbitos.
- Igualdade de trato e reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre os alumnos e as alumnas.

De forma específica, levaranse a cabo:

- Actividades de aula deseñadas polos mestres e mestras para desenvolver os contidos curriculares relacionados coa “igualdade entre homes e mulleres”, a “igualdade de dereitos dos nenos e nenas”, “igualdade de oportunidades”, “desigualdades entre homes e mulleres no mundo laboral e na vida cotiá”, “medidas que contribúen a un equilibrio de xénero”, “linguaxe non discriminatoria” (D.105/2014).
- Celebración, a nivel de centro, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller. Cada ano, ao iniciarse o curso, decidirásese en claustro qué equipos docentes (TIC, Normalización Lingüística, Actividades Complementarias e Extraescolares, Biblioteca,...) serán os encargados de programar actividades para conmemorar estes días cunha celebración conxunta de todo o alumnado do centro.
- Divulgación de libros que aborden esta temática a través da biblioteca do colexio (inclusión nas maletas viaxeiras, exposición de

libros nas mesas da biblioteca, reparto para a súa utilización na “hora de ler”,...).

- Outras actividades de sensibilización programadas pola persoa nomeada como responsable de igualdade no centro.

5.1. Medidas en canto á organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade: Nomeada no curso 2018-2019 María Lourdes Abellán Ruíz.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro e 8 de marzo).
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

- realizar actividades de sensibilización na aula.
- realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas..
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A través dos criterios e instrumentos de avaliación, poderemos facer un seguimento sistemático e ofrecer información relevante para orientar na toma de decisións. Esta avaliación constitúe un proceso de formación e desencadea novos procesos formativos que facilitarán a comprensión das prácticas levadas a cabo e a valoración dos seus efectos.

Criterios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN (0-5)
Nivel de implicación do profesorado	
Grao de consecución dos obxectivos	
Grao de participación nas actividades realizadas	
Nivel de implicación por parte do alumnado en ditas actividades	
Idoneidade das actuacións programadas e dos recursos previstos para alcanzar os obxectivos	
Grao no cambio de actitude no alumnado do centro	
Eficacia dos mecanismos de coordinación, plans e proxectos do centro.	

Instrumentos

Faremos un seguimento anual do Plan de Igualdade a través dos criterios de avaliación.